



2. ENTRE O ABSOLUTISMO E O LIBERALISMO

O REINADO DE FERNANDO VII (1814-1833)

Unha vez rematada a guerra, **Fernando VII** regresou a España. O reinado deste monarca tivo tres etapas:

- **Sexenio Absolutista (1814-1820)**. Fernando VII aboliu a Constitución e reinou de maneira absolutista. Isto provocou unha serie de pronunciamentos, nome co que se coñece os levantamentos liderados por militares liberais.
- **Trienio Liberal (1820-1823)**. Como consecuencia do pronunciamento de Riego, os liberais accederon ao poder e obrigaron a Fernando VII a que aceptase unha monarquía constitucional.
- **Década Ominosa (1823-1833)**. Co apoio militar de Austria, Rusia e Prusia (Santa Alianza), Fernando VII volveu ser un monarca absolutista.



Retrato de Fernando VII.



Aula aberta

A monarquía absoluta baséase na concentración de poderes nunha mesma persoa. O rei exerce o poder lexislativo, o poder xudicial e o poder executivo.

Que diferenzas hai entre a monarquía absoluta de Fernando VII e a monarquía parlamentaria que existe hoxe en España? Que sistema prefires? Por que?



A. Gisbert, Fusilamento de Torrijos.

A independencia das colonias (1816-1824)

Entre 1816 e 1824, España foi perdendo as colonias que tiña en América. Só conservou o poder sobre **Cuba e Porto Rico**.

Os abusos cometidos polos colonos españois, a debilidade de España por mor da guerra da Independencia e o exemplo da **independencia dos Estados Unidos** promoveron o **movemento de liberación** nos países de Latinoamérica.

A independencia das colonias tivo un enorme **impacto en España**, xa que, ao perder as riquezas procedentes dos territorios coloniais, deixou de ser unha potencia internacional.



5. Elabora un resumo sobre o reinado de Fernando VII, tendo en conta os seus elementos máis destacados.



6. Un dos personaxes máis relevantes do movemento independentista das colonias nesta época foi Simón Bolívar. Investiga en Internet e escribe unha pequena biografía con algúns datos que che parezan especialmente importantes.